



## **MEMORIA DE CALIDADE**

**Facultade de Formación do Profesorado**

**Curso Académico: 2015/16**

## Índice

1. <b>Introdución</b> .....	2
2. <b>Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade</b> .....	5
3. <b>Plan de Melloras do Centro</b> .....	12
4. <b>Anexo: Informes de seguimento</b> .....	26

## 1. Introducción

A Facultade de Formación do Profesorado é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia neste ámbito. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Formación do Profesorado deseña as súas propias accións marcándose como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Desde esta perspectiva, a Memoria de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado correspondente ao curso académico 2015-2016 foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e recolle información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, ao seguimento dos títulos impartidos na Facultade e ao plan de melloras do centro para o curso 2016-2017, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2015-2016 afecta a todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade que estiveron vixentes durante o curso 2015-2016 foron:

- Grao en Mestre/a de Educación Infantil
- Grao en Mestre/a de Educación Primaria
- Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas
- Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

Os tres primeiros títulos impártense conxuntamente coa Facultade de Ciencias da Educación, mentres que o Máster DAEN é un título exclusivo desta Facultade.

No Informe de Seguimento 2015-2016 correspondente ao título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria queda constancia da corrección de erros detectados nos contidos das materias optativas “A convivencia nos centros escolares” e “A calidade nos centros escolares” (Mención en Dirección e xestión de centros), sendo os contidos correctos os seguintes:

A convivencia nos centros escolares: Xestión do clima do centro e dos recursos humanos; A elaboración colectiva das normas de convivencia; Mediación e resolución de conflitos nos centros ecolares; Análise

e tratamento das condutas disruptivas.

A calidade nos centros escolares: Xestión da calidade educativa; A institucionalización das avaliacións externas; Deseño de propostas de mellora e proxectos de innovación; Calidade e proxectos estratéxicos.

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e do Manual do SGIC e procesos asociados, a que se inclúe a continuación:

- Memoria para a verificación do título de Grao en Mestre/a de Educación Infantil pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza pola USC.
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Formación do Profesorado.
- Regulamento de Réxime Interno da Comisión Académica do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.
- Regulamento de Réxime Interno da Comisión Académica do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo decanal, a Comisión de calidade, o/a responsable de calidade do centro, as comisións de título e os/as coordinadores/as de título. As funcións de cada un deles en relación co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Capítulo 3 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade e tamén no Capítulo 3 do Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado.

Son membros da Comisión de Calidade:

- O Decano e Responsable de calidade da Facultade, que a preside.
- A Vicedecana.
- A Secretaria, que actúa como secretaria da Comisión.
- As persoas que exercen a coordinación dos títulos impartidos na Facultade.
- As persoas que exercen a coordinación de curso dos graos.

- As persoas que exercen a coordinación do Prácticum dos graos.
- As persoas que exercen a coordinación dos TFG.
- A Responsable da Unidade de apoio á xestión de centros e departamentos.
- Un representante do alumnado.

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGIC na Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias: informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora, e memorias de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título.

Durante o curso 2015-2016, a Comisión de Calidade celebrou as seguintes reunións:

- 29 de febreiro de 2016, co obxecto de aprobar a Memoria de Calidade correspondente ao curso académico 2014-2015.
- 12 de xullo de 2016, co obxecto de valorar o informe de abandono potencial das titulacións de grao (2015-16), aprobar a proposta de actividades formativas desenvolvidas por profesionais externos e iniciar as tarefas de elaboración do plan estratéxico e da programación plurianual da Facultade (2016-2020).

Por outra banda, durante o curso 2015-2016 iniciouse o proceso de elaboración do Plan Estratéxico 2016-2020 e mais da Programación Plurianual para o mesmo período. No momento de elaboración desta Memoria, ambos documentos contan co informe favorable da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos e están pendentes da súa aprobación por parte da Xunta de Facultade e posterior remisión á Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno.

Esta Memoria de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado correspondente ao curso 2015-2016 contén un Plan de Melloras que foi sometido a un período de exposición pública para que os representantes dos distintos grupos de interese puidesen facer as súas achegas ou suxestións. Unha vez completado este trámite, a Memoria foi aprobada pola Comisión de Calidade con data 20 de febreiro de 2017 e, finalmente, pola Xunta de Facultade con data 14 de marzo de 2017.

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) conforma un elemento esencial na política e actividades formativas da USC. O seu obxectivo básico é garantir a calidade de todas as titulacións mediante a actualización constante da oferta académica e a mellora continua dos programas formativos, de xeito que se facilite a acreditación das titulacións e o mantemento da mesma, así como a satisfacción das necesidades e expectativas dos grupos de interese.

### 2.1. Procesos, procedementos e documentación do SGIC

O SGIC marco da USC está deseñado seguindo os modelos da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade (ANECA) e mais da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), e está articulado en 9 criterios e 46 directrices construídos sobre 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES. Os documentos que configuran o SGIC son o "Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade" e o "Manual de Procesos e Procedementos". Ambos os dous documentos, así como o "Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade", están dispoñibles a través da páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade: <http://www.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html>

A Comisión de Calidade do Centro e, posteriormente, a Xunta de Facultade aprobaron as modificacións da versión 01 do Manual Simplificado do SGIC, motivadas pola necesidade de realizar cambios no panel de indicadores para mellorar a información proporcionada de forma centralizada para o seguimento dos SGIC; finalmente, o Consello de Goberno, na sesión do día 4 de febreiro de 2015, aprobou tamén esta modificación, de xeito que o documento actual do Manual Simplificado do SGIC representa a versión 02. Por outra banda, o Consello de Goberno, na sesión do día 29 de xullo de 2015, aprobou a actualización da versión 02 do Manual de Procesos e Procedementos do centro, cuxa versión actual é a 03.

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2015-2016 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento. Non se considera necesario efectuar cambios nin axustes na xestión do Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro.

### 2.2. Recursos humanos

Cómpre deixar constancia, unha vez máis, da incidencia negativa das restricións orzamentarias nos procesos de contratación de profesorado, tanto no que se refire á súa adecuación cuantitativa como ás

condicións de precarización laboral ás que se ve sometido, cunha imparabile diminución da porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (34,78% segundo os últimos datos dispoñibles, fronte ao 64,67% de media da USC).

Os históricos desequilibrios entre as áreas de coñecemento implicadas na docencia dos títulos que se imparten nesta Facultade (ciencias sociais e xurídicas) e outras grandes áreas (ciencias, ciencias da saúde, enxeñería), lonxe de acurtarse, incrementáanse progresivamente. Por esta razón, a maior parte das áreas de coñecemento presentes na Facultade son moi deficitarias, o que fai que a docencia se vexa gravemente afectada cando se produce calquera continxencia, mesmo prevista, ao longo do curso.

Ante un colectivo docente escaso e precarizado en boa medida, compre valorar o seu compromiso e implicación no desenvolvemento das titulacións, tal como se recoñece nos informes finais de renovación da acreditación dos títulos de grao. Non obstante, é necesario adaptar o cadro de persoal ás necesidades reais e diminuír a presenza de PDI contratado a tempo parcial e con figuras contractuais precarias. Os devanditos informes advirten de que as carencias de profesorado e a precariedade na contratación provocan grandes distorsións na organización dos títulos e poñen en risco o nivel mínimo de calidade esixible para a súa impartición.

O número total de docentes é preocupante se o comparamos co de estudantes matriculados, o que inflúe negativamente na ratio profesor/alumno e no tamaño dos grupos de docencia, poñendo en cuestión a calidade da formación que se oferta. Estas circunstancias non favorecen a consecución dos obxectivos profesionais dos títulos nin a axeitada adquisición das competencias, sendo preciso poñer en coñecemento das autoridades competentes a necesidade de activar compromisos de mellora a curto e medio prazo para revertir esta situación.

Polo que se refire ao persoal de apoio (conserxería, administración e biblioteca), é suficiente e conta coa cualificación apropiada para desenvolver as súas funcións en relación cos títulos, agás no que respecta ás necesidades derivadas da incorporación das novas tecnoloxías á docencia. En todo caso, nos devanditos informes de renovación da acreditación indícase a necesidade de incrementar o cadro de persoal de conserxería para asegurar a apertura do centro en quenda de tarde nunhas condicións óptimas de apoio á docencia.

### 2.3. Recursos materiais

Os recursos materiais e servizos dispoñibles para impartir as titulacións poden considerarse suficientes, pero en ningún caso satisfactorios, tanto polo que se refire aos recursos (aulas de uso xeral, aulas

específicas, aulas-seminario, laboratorios e espazos con dotación específica, espazos para traballo en grupo dos estudantes, bibliotecas, recursos en rede para a docencia e outros servizos) como aos mecanismos para garantir a revisión e o mantemento (infraestruturas materiais e servizos necesarios).

A Facultade segue a padecer evidentes limitacións de espazo para un adecuado desenvolvemento da docencia, ante a inexistencia dunha resposta axeitada ao feito de que case a metade do edificio propiedade da USC está ocupada polo CEIP Anexa. A paralización das negociacións entre a USC e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación co uso compartido dos espazos e instalacións adiou *sine die* a solución definitiva a este problema. Neste senso, resultan moi xustificadas as queixas de todos os grupos de interese (estudantes, egresados, profesorado, persoal de administración e servizos) en relación coas infraestruturas e recursos materiais dispoñibles.

#### 2.4. Rendemento

Os indicadores sobre resultados (2015-16) ofrecen valores moi positivos, tal como se desprende da táboa seguinte:

	Grao en Mestre/a de Educación Infantil	Grao en Mestre/a de Educación Primaria	Máster en Profesorado de Educación Secundaria	Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza
<b>Taxa de rendemento</b>	91,91	89,71	91,41	87,72
<b>Taxa de éxito</b>	95,88	95,78	99,59	99,80
<b>Taxa de avaliación</b>	95,86	93,65	91,79	87,89
<b>Taxa de graduación</b>	68,97	79,52	88,24	-
<b>Duración media dos estudos</b>	4,12	4,22	1,12	1,31
<b>Taxa de abandono RD 1393</b>	26,44	16,87	3,92	-

## 2.5. Satisfacción dos grupos de interese, recursos e queixas

Segundo se desprende dos datos que figuran na Memoria de Actividades da Oficina de Análise e Reclamacións (OAR) correspondente ao curso 2015-2016, a Facultade de Formación do Profesorado resolveu 5 recursos e outras tantas queixas e suxestións.

Polo que se refire aos recursos presentados, tres corresponderon ao Grao en Mestre/a de Educación Infantil (modificación de matrícula, dous deles desestimados e un estimado), un ao Grao en Mestre/a de Educación Primaria (ampliación de matrícula, que foi estimado) e outro ao Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (anulación de matrícula, que foi desestimado).

No tocante ao apartado de queixas e suxestións, dúas corresponderon ao Grao en Mestre/a de Educación Infantil (horarios e prácticum, que resultaron desestimadas), unha ao Grao en Mestre/a de Educación Primaria (biblioteca, que tamén foi desestimada) e dúas ao Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (horarios e plan de estudos, unha delas estimada e outra desestimada).

Á marxe dos recursos e queixas que constan na Oficina de Análise e Reclamacións, a Facultade dispón doutros mecanismos para coñecer a satisfacción dos grupos de interese, nomeadamente a través das coordinacións de curso e título para o caso dos Graos. Neste senso, as queixas recibidas durante o curso 2015-2016 refírense, sobre todo, aos efectos derivados da incorporación tardía de profesorado encargado da docencia dalgunhas materias, aos problemas de coordinación docente en materias compartidas por profesorado pertencente a varias áreas de coñecemento, á coordinación e calendario do Prácticum e á configuración dos horarios de clase. Estas incidencias foron abordadas polas Comisións dos títulos de Grao en Mestre/a de Educación Primaria e Grao en Mestre/a de Educación Infantil nas reunións que celebraron os días 14 e 21 de xullo de 2016, respectivamente.

Con respecto aos problemas causados pola incorporación tardía do novo profesorado, trátase dunha incidencia que non é fácil de evitar en todos os casos, porque depende da complexa mecánica dos procesos de selección, que non sempre rematan a tempo de asumir a docencia atribuída a esas prazas. Ademais, o proceso de contratación adíase ás veces por atrancos derivados da obtención da compatibilidade no caso do profesorado asociado. Por outra banda, hai concursos de selección que non teñen aspirantes e outros nos que a praza queda deserta por diversos motivos, o que obriga a convocar un novo concurso.

Os problemas de coordinación docente foron trasladados aos departamentos correspondentes, que xa

adoptaron as medidas oportunas para intentar solucionarlos.

Tamén se adoptaron medidas para mellorar a coordinación do Prácticum, así como a información pública dispoñible para o alumnado, tanto por medio da elaboración dun protocolo de organización e xestión do Prácticum que será recollido na guía ou Plan Xeral do Prácticum, como a través de accións conxuntas coa Facultade de Ciencias da Educación acordadas no seo da Comisión de Coordinación Intercentros. No tocante ao calendario, enténdese que se resolverá axeitadamente coa posta en marcha da modificación dos Plans de Estudos dos Graos, que prevén dúas estadias de prácticas en lugar das tres actuais.

Por último, as queixas relacionadas coa configuración dos horarios de clase (días con moitas sesións expositivas consecutivas e outros con ningunha ou case ningunha, demasiadas horas libres intercaladas que dificultan a organización diaria do traballo persoal do alumnado) son ben coñecidas polo Decanato, pero tampouco teñen fácil solución debido aos problemas de espazo que padecemos e á insuficiencia de profesorado, ao que cómpre engadir os condicionamentos de horario propios do profesorado asociado e a necesidade de elaborar uns horarios compatibles para o alumnado que cursa o dobre grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria.

No caso das titulacións de Máster que oferta a Facultade, as queixas que presentan os estudantes responden a incidencias concretas e diversas, que adoitan ser resoltas directamente pola coordinación do título correspondente, sen necesidade de intervención por parte do Decanato.

## 2.6. Estado do Plan de Melloras 2015-2016

**AM-01. Proposta de actividades formativas (conferencias, talleres e outras actividades) desenvolvidas por profesionais externos, que contribúan a mellorar os contidos dos títulos, ao tempo que facilitan a vinculación do coñecemento académico e a práctica profesional.**

Contouse cunha axuda de 2.250,00 euros, procedente da convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia (2016). Desenvolveronse todas as actividades programadas dentro do prazo previsto para o remate da actividade. Proponse a súa continuidade para o curso 2016-2017.

**AM-02. Completar o equipamento docente das aulas: equipamento informático e de videoproxección para as aulas 22B e 24B; instalación de altofalantes na aula 29.**

Contouse cunha axuda de 4.685,00 euros, procedente da convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia (2016). Instalouse todo o equipamento solicitado dentro do prazo previsto para o remate da acción. Proponse a súa continuidade para o curso 2016-2017: adquisición de

equipamento informático para a aula 28, instalación de alt falantes con amplificador nas aulas 22 e 24, e substitución parcial de equipamento audiovisual de aulas para docencia (dous canóns de videoproxección).

**AM-03. Adquisición de materiais específicos para a docencia de diversas materias dos Graos en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria.**

Aínda que non se puido contar coa axuda solicitada para o desenvolvemento desta acción de mellora, finalmente puido cumprirse na súa maior parte con recursos orzamentarios da propia Facultade. Proponse a súa continuidade para o curso 2016-2017 co obxecto de completar a acción coa adquisición de equipamento para a aula de Música (instrumentos e soportes).

**AM-04. Establecer un acordo Erasmus coa Universidade de Cumbria (Reino Unido), que oferta un máster semellante ao noso Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.**

Tras un encontro de profesores e estudantes da USC e da Universidade de Cumbria celebrado nos Picos de Europa en maio de 2016, os docentes británicos convidaron a dous profesores do Máster DAEN a asistir a unha reunión en Ambleside (Reino Unido) entre o 21 e o 23 de setembro de 2016, co obxecto de coñecer o funcionamento do programa TEOS e de establecer as bases dun programa Erasmus de intercambio. Ao mesmo tempo, o profesorado do Máster foi convidado a participar na organización do vindeiro congreso da EOE, que se celebrará en Plymouth (Reino Unido) entre o 28 de xuño e o 2 de xullo de 2017. A sinatura do acordo Erasmus está en trámite.

**AM-05. Reunión en Potes (Cantabria) dos estudantes e profesores do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza cos seus homólogos do Máster semellante que oferta a Universidade de Cumbria (13-15 de maio de 2016).**

Contouse cunha axuda para a realización desta práctica de campo, dentro da convocatoria correspondente ao 2º semestre do curso 2015-16, o que permitiu desenvolver a acción de xeito exitoso, realizando varias actividades conxuntas e estudando mecanismos de intercambio académico entre a USC e a Universidade de Cumbria, tal como se acaba de describir a propósito da AM-04. Preténdese que esta acción teña continuidade.

**AM-06. Creación de equipos de traballo para desenvolver a coordinación entre as materias que conforman cada módulo do plan de estudos do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.**

Cada módulo do máster conta cun docente que o coordina internamente, convoca as reunións e organiza o traballo interdisciplinar que se contempla nos programas das materias.

**AM-07. Elaboración dun cuestionario de avaliación da adquisición das competencias propias do título de Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.**

O cuestionario foi elaborado dentro do prazo estipulado, de tal xeito que o Máster conta actualmente cun instrumento para avaliar as competencias propias do título, que será aplicado por primeira vez en 2017.

**AM-08. Mellorar a visibilización da información pública sobre o Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza a través da ligazón existente na páxina web da Facultade.**

A acción permitiu mellorar a información pública dispoñible sobre o Máster DAEN, tanto a través das páxinas web como das redes sociais:

<http://www.usc.es/masteres/es/masteres/ciencias-sociales-juridicas/direccion-actividades-educativas-natureza>

<http://www.usc.es/es/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&estudio=16541&codEstudio=15895&valor=9>

<http://www.masterdaen.es/>

<https://www.facebook.com/master.daen>

**AM-09. Desenvolvemento dun curso sobre competencias informacionais dirixido ao estudiantado do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.**

A Biblioteca da USC, en colaboración co Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CeTA) organizou un curso sobre competencias en información na contorna dixital (nivel avanzado), orientado cara á elaboración do TFM desta titulación. O curso desenvolveuse en modalidade virtual entre os días 9 de marzo e 15 de abril, computándose entre 10 e 25 horas de traballo do alumno, e outorgándose un diploma de aproveitamento.

**AM-10. Desenvolvemento dunha xornada de formación sobre avaliación dirixida ao profesorado do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, co fin de mellorar a práctica da avaliación.**

Xornada realizada o 26 de xaneiro de 2016.

**AM-11. Desenvolvemento dun encontro cos coordinadores e titores externos do Prácticum do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, co fin de fortalecer o sistema de consultas externo e recibir retroalimentación sobre a validez dos contidos e o logro dos obxectivos formativos.**

Encontro realizado o 30 de novembro de 2015.

### 3. Plan de Melloras do Centro 2016-17

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-01	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Establecer unha programación concreta das reunións da Comisión de Coordinación Intercentros e concretar o proceso de seguimento da eficacia da acción	En execución	Decanato	Decembro 2017	En execución
AM-02	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Comunicar formalmente aos departamentos as incidencias que se detecten en relación coa coordinación de materias impartidas por dous ou máis profesores	En execución	Decanato Coordinacións de título Coordinacións de curso	Xullo 2017	En execución
AM-03	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Establecer o protocolo de organización e xestión do Prácticum, que será recollido na guía ou plan xeral do Prácticum	En execución	Coordinación do Prácticum	Xullo 2017	En execución
AM-04	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Mellorar os mecanismos de coordinación do Prácticum: reunións dos equipos de coordinación, asignación da docencia no Prácticum ao profesorado idóneo e mellora da súa formación	En execución	Coordinación do Prácticum	Decembro 2017	En execución
AM-05	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Promover formas de colaboración máis continuada entre a Facultade e os centros de prácticas	En execución	Decanato Coordinación do Prácticum	Decembro 2017	En execución

AM-06	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Resolver as deficiencias observadas na información pública que aparece na páxina web da Facultade	En execución	Decanato	Xullo 2017	En execución
AM-07	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Elaborar un estudo exploratorio sobre as necesidades de titorización e orientación dos estudantes	En execución	Decanato Coordinacións de título	Decembro 2017	En execución
AM-08	Informe de seguimento do título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria	Revisar a memoria de verificación do título e solicitar as modificacións pertinentes no caso das materias con información errónea sobre os seus contidos	En execución	Decanato	Decembro 2017	En execución
AM-09	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Propoñer actividades formativas (conferencias, talleres e outras actividades) desenvolvidas por profesionais externos, que contribúan a mellorar os contidos dos títulos, ao tempo que facilitan a vinculación do coñecemento académico e a práctica profesional (continuidade da AM-01 do curso 2015-2016)	Pendente da convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia (2017)	Decanato Vicedecanato Coordinación dos títulos Coordinación xeral do Prácticum	Decembro 2017	En execución

AM-10	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Adquirir equipamento informático para a aula 28. Instalación de altosfalantes con amplificador nas aulas 22 e 24. Substituír parcialmente o equipamento audiovisual de aulas para docencia (dous canóns de videoproxección) (continuidade da AM-02 do curso 2015-2016)	Pendente da convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia (2017)	Decanato	Decembro 2017	En execución
AM-11	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Adquirir equipamento para a aula de Música (instrumentos e soportes) (continuidade da AM-03 do curso 2015-2016)	Pendente da convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia (2017)	Decanato Profesorado da área de Didáctica da expresión musical	Decembro 2017	En execución
AM-12	Informe de seguimento do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas	Revisar as guías docentes e programas da titulación, actualizando os aspectos necesarios	En execución	Coordinación do título	Decembro 2017	En execución
AM-13	Informe de seguimento do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas	Estudar unha mellor ubicación no calendario académico do Prácticum I da titulación	En execución	Coordinación do título	Decembro 2017	En execución
AM-14	Informe de seguimento do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas	Matizar o indicador relativo á porcentaxe de profesorado con sexenios, doutor e funcionario, ou compensalo con outros adaptados ás peculiaridades do Máster	En execución	Coordinación do título	Decembro 2017	En execución

AM-15	Informe de seguimento do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas	Intentar axustar os indicadores de inserción laboral ao carácter profesionalizador do Máster	En execución	Coordinación do título	Decembro 2017	En execución
AM-16	Informe de seguimento do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas	Buscar fórmulas que axilicen o proceso de elaboración dos TFM, co fin de intentar diminuír o número de TFM pendentes de presentación e defensa	En execución	Coordinación do título	Decembro 2017	En execución
AM-17	Informe de seguimento do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas	Mellorar a coordinación xeral da titulación	En execución	Coordinación do título	Decembro 2017	En execución
AM-18	Informe de seguimento do título de Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza	Aplicar e analizar o instrumento de avaliación da adquisición das competencias propias do título (continuidade da AM-07 do curso 2015-2016)	En execución	Decanato Coordinación do título Profa. Isabel Fernández López	Setembro 2017	En execución
AM-19	Informe de seguimento do título de Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza	Establecer un protocolo para a presentación do informe final do TFM	En execución	Prof. Rubén Navarro Patón Prof. Manuel Antonio Rodríguez Guitián	Setembro 2017	En execución
AM-20	Informe de seguimento do título de Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza	Designar os titores ou titoras dos estudantes os primeiros días de clase	En execución	Coordinación do título	Setembro 2017	En execución

AM-21	Informe de seguimento do título de Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza	Introducir unha nova materia optativa no plan de estudos do título	En execución	Coordinación do título Prof. Agustín Merino García Prof. Rubén Navarro Patón	Xullo 2017	En execución
AM-22	Informe de seguimento do título de Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza	Mellorar os protocolos para a elección de institucións onde se realizan as prácticas externas	En execución	Responsable da unidade de apoio á xestión Prof. Rubén Navarro Patón	Novembro 2017	En execución
AM-23	Informe de seguimento do título de Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza	Realizar unha práctica de campo e actividades ao aire libre en Potes (Cantabria) cos estudantes e profesores da Universidade de Cumbria (Reino Unido) que imparte un título semellante ao Máster DAEN (continuidade da AM-05 do curso 2015-2016)	Pendente da resolución da convocatoria de axudas para a realización de prácticas de campo (2º semestre)	Coordinación do título Prof. Agustín Merino García Prof. Rubén Navarro Patón	Maio 2017	En execución
AM-24	Informe de seguimento do título de Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza	Constituír un grupo de innovación docente interdisciplinar en relación coas actividades ao aire libre e as potencialidades educadoras da natureza	En execución	Decanato Coordinación do título	Novembro 2017	En execución

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-01
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
	Definición	Análise causa	Non existen evidencias da eficacia do funcionamento da Comisión de Coordinación Intercentros
		Definición/descripción proposta	Establecer unha programación concreta das reunións da comisión de Coordinación Intercentros e concretar o proceso de seguimento da súa eficacia
		Data prevista de finalización	Decembro 2017
		Data inicio	Setembro 2016
	Responsables	Responsable da implantación	Decanato
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-02
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
	Definición	Análise causa	Existen problemas de coordinación docente en materias impartidas por varios profesores
		Definición/descripción proposta	Comunicar formalmente aos departamentos as incidencias que se detecten en relación coa coordinación de materias impartidas por dous ou máis profesores
		Data prevista de finalización	Xullo 2017
		Data inicio	Setembro 2016
	Responsables	Responsable da implantación	Decanato Coordinacións de título Coordinacións de curso
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-03
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
	Definición	Análise causa	Necesidade de protocolizar o proceso de organización e xestión do Prácticum
		Definición/descripción proposta	Establecer o protocolo de organización e xestión do Prácticum, que será recollido na guía ou plan xeral do Prácticum
		Data prevista de finalización	Xullo 2017
		Data inicio	Setembro 2016
Responsables	Responsable da implantación	Coordinación do Prácticum	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-04
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
	Definición	Análise causa	Necesidade de mellorar os mecanismos de coordinación do Prácticum
		Definición/descripción proposta	Mellorar os mecanismos de coordinación do Prácticum: reunións dos equipos de coordinación, asignación da docencia do Prácticum ao profesorado idóneo e mellora da súa formación
		Data prevista de finalización	Decembro 2017
		Data inicio	Setembro 2016
	Responsables	Responsable da implantación	Coordinación do Prácticum
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-05
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
	Definición	Análise causa	Necesidade de mellorar os mecanismos de colaboración cos centros onde se realizan as prácticas
		Definición/descripción proposta	Promover formas de colaboración máis continuada entre a Facultade e os centros de prácticas
		Data prevista de finalización	Decembro 2017
		Data inicio	Setembro 2016
Responsables	Responsable da implantación	Decanato Coordinación do Prácticum	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-06
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 2. Información e transparencia
	Definición	Análise causa	Necesidade de revisar a información pública que se ofrece na páxina web da Facultade
		Definición/descrición proposta	Resolver as deficiencias observadas na información pública que aparece na páxina web da Facultade
		Data prevista de finalización	Xullo 2017
		Data inicio	Setembro 2016
Responsables	Responsable da implantación	Decanato	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-07
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos materiais e servizos
	Definición	Análise causa	Necesidade de mellorar os mecanismos de orientación académica e profesional dos estudantes
		Definición/descripción proposta	Elaborar un estudo exploratorio sobre as necesidades de titorización e orientación dos estudantes
		Data prevista de finalización	Decembro 2017
		Data inicio	Decembro 2016
Responsables	Responsable da implantación	Decanato Coordinacións de título	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-o8
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 2. Información e transparencia
	Definición	Análise causa	Necesidade de comprobar e revisar o axuste entre a información das guías docentes das materias publicadas na páxina web e o contido da memoria de verificación do título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria
		Definición/descrición proposta	Revisar a memoria de verificación do título e solicitar as modificacións pertinentes no caso das materias con información errónea sobre os seus contidos
		Data prevista de finalización	Decembro 2017
		Data inicio	Setembro 2016
	Responsables	Responsable da implantación	Decanato
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-09
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
	Definición	Análise causa	Necesidade de continuar coa participación de profesionais externos en actividades formativas vinculadas cos títulos de grao en Mestre/a de educación infantil e Mestre/a de educación primaria
		Definición/descripción proposta	Actividades formativas (conferencias, talleres e outras actividades) desenvolvidas por profesionais externos, que contribúan a mellorar os contidos dos títulos, ao tempo que facilitan a vinculación do coñecemento académico e a práctica profesional
		Data prevista de finalización	Decembro 2017
		Data inicio	Abril 2017 (pendente da resolución da convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia 2017).
Responsables	Responsable da implantación	Decanato Vicedecanato Coordinación dos títulos Coordinación do Prácticum	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-10
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
	Definición	Análise causa	Necesidade de completar o equipamento docente das aulas
		Definición/descripción proposta	Adquirir equipamento informático para a aula 28. Instalación de altosfalantes con amplificador nas aulas 22 e 24. Substituír parcialmente o equipamento audiovisual de aulas para docencia (dous canóns de videoproxección)
		Data prevista de finalización	Decembro 2017
		Data inicio	Abril 2017 (pendente da resolución da convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia 2017)
Responsables	Responsable da implantación	Decanato	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-11
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
	Definición	Análise causa	Necesidade de contar con materiais didácticos específicos para a docencia
		Definición/descrición proposta	Adquirir equipamento para a aula de Música (instrumentos e soportes)
		Data prevista de finalización	Decembro 2017
		Data inicio	Abril 2017 (pendente da resolución da convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia 2017)
Responsables	Responsable da implantación	Decanato Profesorado da área de Didáctica da expresión musical	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-12
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
	Definición	Análise causa	Existencia de contradicións, omisións e reitacións nos contidos de varias materias do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas
		Definición/descripción proposta	Revisar as guías docentes e programas da titulación, actualizando os aspectos necesarios
		Data prevista de finalización	Decembro 2017
		Data inicio	Xaneiro 2017
	Responsables	Responsable da implantación	Coordinación do título
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-13
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
	Definición	Análise causa	A ubicación temporal (decembro) do Prácticum 1 do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas non parece a máis axeitada, tendo en conta a actividade académica que se desenvolve nese período nos centros de educación secundaria
		Definición/descrición proposta	Estudar unha mellor ubicación no calendario académico do Prácticum 1 da titulación
		Data prevista de finalización	Decembro 2017
		Data inicio	Xaneiro 2017
	Responsables	Responsable da implantación	Coordinación do título
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-14
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 4. Recursos humanos
	Definición	Análise causa	O indicador referido á porcentaxe de profesorado con sexenios, doutor e funcionario non é acaído ás circunstancias do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, onde unha proporción importante dos seus docentes son profesores asociados procedentes de corpos do funcionariado docente non universitario
		Definición/descripción proposta	Matizar o indicador relativo á porcentaxe de profesorado con sexenios, doutor e funcionario, ou compensalo con outros adaptados ás peculiaridades do Máster
		Data prevista de finalización	Decembro 2017
		Data inicio	Xaneiro 2017
Responsables	Responsable da implantación	Coordinación do título	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-15
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
	Definición	Análise causa	Os datos de inserción laboral dos egresados do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas sinalan os tipos de contrato, xornada laboral e grupo de cotización, cando deberían centrarse nos que traballan no ensino secundario
		Definición/descripción proposta	Intentar axustar os indicadores de inserción laboral ao carácter profesionalizador do Máster
		Data prevista de finalización	Decembro 2017
		Data inicio	Xaneiro 2017
	Responsables	Responsable da implantación	Coordinación do título
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-16
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
	Definición	Análise causa	O número de alumnos pendentes de rematar o TFM do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas vai en aumento
		Definición/descripción proposta	Buscar fórmulas que axilicen o proceso de elaboración dos TFM, co fin de intentar diminuír o número de TFM pendentes de presentación e defensa
		Data prevista de finalización	Decembro 2017
		Data inicio	Xaneiro 2017
Responsables	Responsable da implantación	Coordinación do título	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-17
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
	Definición	Análise causa	Distintos informes e comentarios dos estudantes recollen a necesidade de mellorar a coordinación do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas
		Definición/descripción proposta	Mellorar a coordinación xeral da titulación
		Data prevista de finalización	Decembro 2017
		Data inicio	Xaneiro 2017
	Responsables	Responsable da implantación	Coordinación do título
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-18
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Crterio 6. Resultados da aprendizaxe
	Definición	Análise causa	Necesidade de coñecer o proceso de adquisición de competencias do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza
		Definición/descripción proposta	Aplicar e analizar o instrumento de avaliación da adquisición das competencias propias do título
		Data prevista de finalización	Setembro 2017
		Data inicio	Marzo 2017
Responsables	Responsable da implantación	Decanato Coordinación do título Profa. Isabel Fernández López	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-19
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
	Definición	Análise causa	Os estudantes do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza non sempre presentan o informe escrito do TFM
		Definición/descrición proposta	Establecer un protocolo para a presentación do informe final do TFM
		Data prevista de finalización	Setembro 2017
		Data inicio	Marzo 2017
Responsables	Responsable da implantación	Prof. Rubén Navarro Patón Prof. Manuel Antonio Rodríguez Guitián	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-20
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Critério 1. Organización e desenvolvemento
	Definición	Análise causa	Necesidade de que os titores dos estudantes do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza teñan unhas funcións claramente establecidas e que as exerzan xa desde o comezo das clases
		Definición/descrición proposta	Designar os titores ou titoras dos estudantes os primeiros días de clase
		Data prevista de finalización	Setembro 2017
		Data inicio	Marzo 2017
Responsables	Responsable da implantación	Coordinación do título	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-21
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Critério 6. Resultados da aprendizaxe
	Definición	Análise causa	Necesidade de formación dos estudantes do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza na cooperación internacional mediante o estudo de espazos naturais singulares
		Definición/descripción proposta	Introducir unha nova materia optativa no plan de estudos do título
		Data prevista de finalización	Xullo 2017
		Data inicio	Abril 2017
	Responsables	Responsable da implantación	Coordinación do título Prof. Agustín Merino García Prof. Rubén Navarro Patón
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
	Comprobación	-	
	Data comprobación	-	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-22
		Tipo	AM
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
	Definición	Análise causa	Indicadores baixos de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza
		Definición/descrición proposta	Mellorar os protocolos para a elección de institucións onde se realiza o Prácticum da titulación
		Data prevista de finalización	Novembro 2017
		Data inicio	Marzo 2017
Responsables	Responsable da implantación	Responsable da unidade de apoio á xestión Prof. Rubén Navarro Patón	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	-	
